

Laudatio Jorge Martínez

Non é unha tarefa sinxela resumir a dilatada vida académica de Jorge Martínez Vázquez, cun CV excepcional, como verán de seguido.

Do seu traballo de investigación, quero mencionar dous aspectos que me parecen especialmente salientables :

1. En primeiro lugar, a diversidade dos temas do seu interés no ámbito da Economía Pública, cunha notable capacidade para abordalos desde todas as perespectivas, tanto teórico-abstractas, como empírico-aplicadas.
2. E, en segundo lugar, unha excelente condición e disposición para anticipar os asuntos de maior transcendencia social e abordalos calquera que sexa a súa dificultade.

Na actualidade, si un Economista Público quere iniciar unha investigación sobre temas de Política e Reforma Fiscais, Sistemas Fiscais para Países en Transición, Estructuras Fiscais Multi-nivel, Federalismo e Descentralización Fiscal, Facendas Rexionais e Locais, Administración Fiscal, Cumprimento e Fraude Fiscais, con toda seguridade recurrirá como referencia básica a algún dos traballos de Jorge Martínez Vázquez.

Algúns datos servirán para ilustrar o que estou a decirlles : máis de 100 teses dirixidas ou co-dirixidas, 400

publicacións científicas, máis de 150 libros editados ou participados. Profesor de Economía nas Universidades de Barcelona, Washington, St. Louis, Carlos III e Georgia State University. Membro do Consello Editorial e Referee de máis de 40 revistas internacionais de primeiro nivel. Consultor da UE, do Fondo Monetario Internacional, do Banco Mundial, do Banco Inter-Americano de Desenvolvemento, do Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento, do Banco de Desarrollo de Asia.

E consultor e redactor de Informes para China, Honduras, Rumanía, Chile, Tanzania, Brasil, Federación Rusa, India, Uganda, Nepal, Estonia, Indonesia, Vietnam, Sri Lanka, Uruguay, Ucraína, e un longo etcétera que inclúe máis de 90 países dos 5 continentes.

Con toda esta apabullante actividade internacional non é estrano que Jorge Martínez teña sido distinguido con diversos premios de Excelencia Internacional, incluíndo, entre os máis importantes, ser nomeado Membro da Academia Rusa de Ciencias, Profesor Honorario da Universidade Central de Beijing-China, “Premio Nacional de Economía” da Federación Rusa, e o “Public Policy Award” de Cooperación Alemana ao Desenvolvemento.

Pero todo isto non aconteceu con merma da querencia pola súa orixe. Jorge Martínez Vázquez é un galego exercente, que viveu a maior parte da súa vida en EE.UU., sin deixar nunca de mirar hacia e pensar en Galicia, onde agardan afectos familiares e onde regresa en canto lle é posible. Jorge, ademais, promove desde fai anos

actividades científicas e divulgativas en Galicia e colabora cos seus colegas galegos e españois en todo tipo de iniciativas. Foi a este excelente investigador, divulgador e promotor do coñecemento científico a quen a Universidade de Vigo nomeou Doutor Honoris Causa en 2011.

É moito, pois, ademáis de prestixio, o que Jorge Martínez Vázquez pode aportar a esta Academia. É para nos unha honra recibirte nesta casa e queremos que entre nela co agarimo dunha moi cordial benvida.